



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Aprendendo con Minguillón

*Unha pequena guía didáctica sobre a obra de Julia Minguillón
no Museo de Belas Artes da Coruña*



Aprendendo con Minguillón é unha pequena guía didáctica sobre a artista Julia Minguillón e as súas obras na colección do museo de Belas Artes da Coruña. Co presente documento queremos dar unhas pinceladas sobre esta recoñecida creadora, facendo unha pequena achega a súa figura, ao seu estilo e algúnha das súas máis representativas. Acompañando ao texto propónse unha serie de actividades pensadas para o alumnado de Educación Primaria e Secundaria.

Animámosvos a realizas estes exercicios e compartir con nós os vosos resultados a través do correo electrónico:

mu.belas.artes.difusion@xunta.gal.

Aprendendo con Minguillón está escrito e deseñado polas educadoras Laura Domínguez Éstevez e Lucía Hidalgo Portomeñe para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña.

JULIA MINGUILLÓN NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

A artista: Julia Minguillón

Julia Minguillón Iglesias naceu en Lugo no 1906, aínda que moi cedo se desprazou coa súa familia a Vilanova de Lourenzá. Con nove anos trasladouse a Burgos e posteriormente a Valladolid, iniciando nesta última cidade a súa formación pictórica, antes de regresar xunto a súa familia a Lugo en 1923. Xa de volta, realizou o *Retrato de Cascarilla*, un lenzo polo que recibiu unha bolsa da Deputación lucense para continuar os seus estudos na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando en Madrid. Alí estudou dous anos de escultura por decisión do profesorado, pero finalizado o segundo curso, decidiu non continuar e matriculouse en pintura. Con 25 anos obtivo o título de Mestra de Debuxo e Pintura.

Viviou a época da guerra civil con seus pais, en Vilanova de Lourenzá, ata que se casou no 1939 co redactor-xefe do diario lucense El Progreso, Francisco Leal Ínsua, e trasladouse a Lugo. Alí montou un estudo para pintar. Un ano despois foi operada dunha doenza, perdendo o fillo que esperaba. Durante a convalecencia pintou *A escola de Doloriñas*, cadro co que obtivo a primeira medalla na Exposición Nacional de 1941. Este premio abriulle as portas para realizar numerosas exposicións colectivas, nas que recibiu premios como o de 1948 no Concurso Nacional de Pintura, Escultura e Gravado do Círculo de Belas Artes, no que participou co cadro *Xuventude*. En 1949 Francisco Leal foi nomeado director do xornal Faro de Vigo, polo que se trasladaron a Vigo onde Julia Minguillón foi proposta para ser membro da Real Academia Galega.

Tres anos máis tarde, realizou unha viaxe a París e posteriormente a Guatemala, onde residiu 15 meses, expoñendo e traballando na súa pintura. A última etapa vital pasouna en Madrid; na capital sufriu o falecemento de seu pai, e pouco despois enfermou dun linfossarcoma que a levou á morte o 20 de agosto de 1965.

A súa obra no Museo de Belas Artes da Coruña

O Museo de Belas Artes da Coruña conta con tres obras desta artista: *Éxtase* (1933), *Xuventude* (1948) e *Señora de Pavón. Bosquexo* (1962), sendo a segunda a máis representativa da súa traxectoria.

Éxtase (1933)



Muller sentada no bordo dunha cama, suxeitando un libro coa man esquerda e coa mirada perdida. Viste un mandil, co pelo recolleito e lentes circulares. Nunha repisa na parte baixa da xanela hai diversos obxectos como unha botella, un carrete de fío, unha palmatoria e un libro aberto que se dispoñen a modo de bodegón. O sentido ambiental do cadro complétase coa pequena **pía bendita** sobre a parede do fondo. Trátase do retrato de Luisa Colmenares Debén, nacida en Lourenzá (Lugo) que atendía como asistente a Julia e aos seus irmáns en Madrid.

Xuventude (1948)



Con esta obra, que ten como soporte táboas empataadas, obtivo en 1948 o Gran Premio do Círculo de Belas Artes de Madrid, o mellor todado de todos os certames de pintura do país.

Foi realizada na etapa de madurez, momento no que executa grandes composicións como neste caso. Este cadro chama a atención especialmente polas súas dimensións, mide arredor de 3 metros de alto por 3 de ancho; era moi pouco frecuente que as autoras españolas desta época fixesen obras deste tamaño, algo que nos pode indicar a complexa situación na que estaban como creadoras, encasilladas na representación de temas “agradables” en pequenos cadriños.

É moi salientable a composición do cadro. Os corpos das once mulleres compoñen a bora creando distintas diagonais, adoptando posturas moi diversas o que podería ser unha demostración da artista do dominio da representación do corpo humano.

A pintora rebase o estilo naturalista para achegarse a certa sensación de ensoñación. Con tos apagados e moi apoiada na liña, o seu estilo é bastante academicista aínda que contado con reminiscencias de estilos das vangardas, como pode ser o cubismo.

Nos bosquejos do cadro, o título completo da obra era “Xuventude-primavera”, e é que a paisaxe parece outra protagonista máis. O cadro foi pintado en Lugo e representa un tramo do río rato que discorre polos arredores da cidade. As figuras están moi ben inscritas nese entorno natural e parecer representar, ademais da xuventude, a beleza fiminina ou incluso a **vaidade**. Sorprende as semellanzas anatómicas e ata faciais entre elas. A súa amiga Isaura, que viviu con ela e o seu esposo durante a época na que realizou esta obra, puido facer de modelo para algunhas figuras.

Señora de Pavón. Bosquexo (1962)




Figura feminina vestida con traxe longo de cor negra, a cal está sentada ante unha mesa redonda na que hai un vaso de cristal con flores. Trátase dun **bosquexo** para o retrato do mesmo título. Hai referencias a este retrato titulado *Retrato da Señora de Pavón e Guerrero*, presentado na Exposición Nacional de Belas Artes de 1964, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*.

A muller na arte

Na época na que vivimos xa non cabe aceptar sen máis a versión da historia que temos estudado e, en moitos casos, a que seguimos transmitindo. Ningúen pode negar a existencia de moitas lagoas históricas, silencios e prexuizos. Lagoas cara as mulleres, cara outras culturas non europeas ou occidentais, cara calquera minoría.

Aproveitando a obra de Julia Minguillón, queremos poñer o foco nunha temática que precisa unha urxente revisión: a muller na arte. Que papel xogan e xogaron as mulleres no mundo da arte? Resulta paradóxico como fronte a hipervisibilización da muller nos museos como modelos dos artistas que a representaron incasablemente ao longo da historia, atopamos unha invisibilización das mulleres artistas, resultando a súa presenza moi escasa nas coleccións da gran maioría, por non decir totalidade, dos museos.

No Museo de Belas Artes da Coruña a porcentaxe entre artistas homes e mulleres é moi desigual, e aínda que nos últimos anos se esta tentando adquirir máis obra realizada por mulleres, a diferenza entre as cifras resulta imposible de igualar. Fronte esta situación cabe dar visibilidade a esta problemática e para iso realízanse visitas que a abordan, analizando a situación da muller ao longo dos diferentes períodos históricos nos que aparece representada, ao tempo que se divulgan e estudan as autoras coas que si contamos: Elena Gago, Elena Colmeiro, María Roeset Mosquera, María Antonia Dans, María Victoria de la Fuente, Elena Olmos Mesa ou Julia Minguillón entre outras.

Minguillón chegou a ser unha das pintoras galegas e nacionais mais coñecidas da súa época, unha muller que comprendeu a pintura con conciencia profesional, algo non demasiado frecuente a esa altura. Acadou desenvolver, nun mundo cultural eminentemente masculino, unha brillante carreira.

ACTIVIDADE 1: CADROS DENTRO DO CADRO

Nesta actividade imos reflexionar sobre como Julia Minguillón aborda o tema da beleza e a vaidade na súa obra *Xuventude*, e para iso imos tentar atopar nela referencias e influencias destas tres grandes obras da pintura nas que ambos conceptos teñen presenza.

- Onde vedes influencias de cada pintura?
- Buscade información sobre cada unha e reflexionade sobre os conceptos cos que traballamos.


Venus do espello. Velázquez (1647)



*Narciso
Caravaggio
(1597-1599)*



Nacemento de Venus. Botticelli (1482-1485)



ACTIVIDADE 2: SERMOS PINTURA

No museo contamos con cadros de todos os formatos, épocas, xéneros e estilos. Polo seu tamaño, por tratarse de obras con moitos personaxes e pola enorme teatralidade que teñen, escollemos tres cadros moi especiais para esta actividade: *Xuventude* de Julia Minguillón, *Xogadores de Cartas* de Theodor Rombouts, e *O discurso* de Isaac Díaz Pardo.

Teremos que reinterpretar estas tres obras realizando un cadro vivinte. O alumnado pode disfrazarse, peitearse e maquillarse para conseguir o máximo parecido cos personaxes dos cadros. Igualmente, haberá que traballar na escenografía xogando cos obxectos cotiáns e coa iluminación natural e artificial para achegarse á ambientación da obra orixinal. Unha vez que a posta en escena estea rematada hai que rexistrala; pode facerse un pequeno vídeo ou unha fotografía.

Vídeo de presentación de Sermos Pintura

No seguinte enlace explicámosvos o concepto de *Tableau Vivant* e amosámosvos os tres cadros da colección do Museo de Belas Artes cos que vos propoñemos realizar un “cadro vivinte”. <https://www.youtube.com/watch?v=gXpWCROReMU>



Xogadores de cartas. Theodoor rombouts (1636)



<https://museobelartescoruna.xunta.gal/gl/coleccion/obras/xogadores-de-naipes>

O discurso. Isaac Díaz Pardo (1646)



<https://museobelartescoruna.xunta.gal/gl/coleccion/obras/o-discurso>

Xogadores de cartas é un cadro costumista no que vemos un grupo de personaxes arredor dunha mesa xogando ás cartas. O autor da obra, Theodoor Rombouts, realizou numerosos cadros deste subxénero ao longo da súa carreira. Moitas veces estas representacións tiñan un carácter **moralizante**, tratando de advertir sobre os perigos do xogo e as trampas. A expresión e espontaneidade dos personaxes, xunto coa reprodución maxistral do mantel e dos obxectos, ponnos en relación directa co naturalismo que caracterizou a pintura de xénero durante o Barroco. A composición do cadro é moi interesante e complexa. Trátase dunha escena coral onde os homes e as mulleres presentan un tamaño natural. Os personaxes, de media figura, aparecen nun primeirísimo plano. As súas vestimentas teñen un aspecto enormemente teatral e están cheas de cor. Aparecen iluminados por un foco de luz que crea efectos de claroscuro e que vai modelando a mirada do espectador. O fondo é indefinido, escuro e neutro, non estando claro o lugar no que se atopan.

O Discurso é un cadro de enorme formato realizado por Isaac Díaz Pardo. Nel vemos unha xuntanza cun gran número de persoas. Trátase dun dos primeiros óleos onde o autor tratou o tema político. Así o que realmente representaría o cadro é un **mitin**, mais en plena ditadura franquista este título era demasiado controvertido e perigoso. Díaz Pardo non abandonaría, nin nos peores momentos, o seu compromiso coa arte e a sociedade galega. Neste mitin vemos como o home da esquerda intenta convencer ao seu auditorio. Entre as persoas representadas vemos distintas actitudes ante o que están a escoitar: un home observa ao infinito, outro home semella estar pensando nas súas cousas con cara de aburrimiento e unha muller escoita o discurso mentres aleita ao seu bebé. Ao fondo, un personaxe mira cara nós; se cadra trátase dun autorretrato do propio autor. As persoas, vestidas de xeito humilde e mesmo descalzas, aparecen rotundas e cheas de expresión e individualidade. A gradación lumínica destaca uns personaxes sobre os outros, modulando o xeito no que, como espectadores, observamos o cadro.

Glosario

- **Pía bendita:** Pequena pía de auga bendita que se coloca na parede do dormitorio.
- **Vaidade:** Estima esaxerada que alguén ten de si mesmo, das súas calidades ou dos seus intereses.
- **Bosquexo:** Debuxo feito só cos trazos esenciais que serve que se realiza previamente á obra definitiva.
- **Tableau vivant:** É unha expresión francesa para definir a representación por un grupo de actores ou modelos dunha obra pictórica preexistente ou inédita.
- **Moralizante:** Introducir ou instruír [unha persoa ou grupo de persoas] nos principios da moral, é dicir, das regras de conduta e os costumes que se consideran bos e que son admitidos e practicados por unha sociedade.
- **Mitin:** Reunión pública para expor e tratar ideas e cuestións políticas ou sociais.